



PROTECCIÓN POR DESEMPREGO

SUBSIDIO POR DESEMPREGO PARA MAIORES DE 52 ANOS

O día 12 de marzo de 2019 publicouse no *Boletín Oficial do Estado* o Real decreto lei 8/2019, de medidas urxentes en materia de protección social, que modifica a regulación do subsidio para persoas traballadoras maiores de 55 anos nos seguintes aspectos:

1. Pódese acceder a partir dos 52 anos en lugar de aos 55.
2. Ademais de poder acceder quen teña cumpridos 52 anos na data de estar percibindo ou ter dereito a calquera subsidio, tamén poderán acceder as persoas que xa esgotaran unha prestación ou subsidio por desemprego se, dende entón, permanecen inscritas como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego, sen ter en conta as posibles interrupcións inferiores a tres meses ou que correspondan a períodos de actividade.
3. Para poder acceder a este subsidio e mantelo, teranse en conta, unicamente, as rendas da propia persoa solicitante ou beneficiaria e non as da súa unidade familiar.
4. De se continuar cumprindo os requisitos esixidos, percibirase ata a data en que se cumpra a idade de xubilación ordinaria e non só ata a de cumprimento da idade para xubilarse anticipadamente.
5. Durante o tempo que se perciba, cotizarase para a xubilación e a base de cotización será o 125 % do tope mínimo de cotización vixente en cada momento, no canto do 100 % actual, con efectos desde o 1 de abril de 2019.
6. A contía será igual ao 80 % do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM) (actualmente, 430,27 euros), aínda que se estea no desemprego porque se perdeu un contrato a tempo parcial. Elimínase o desconto a quen se atope percibindo o subsidio.

Mantéñense o resto de requisitos establecidos na lei para poder cobrar o subsidio para persoas traballadoras maiores de 52 anos e, por tanto, será necesario ter cotizados por desemprego, polo menos, seis anos e xustificar que no momento da solicitude se reúnen todos os requisitos, agás a idade, para acceder á pensión contributiva de xubilación na Seguridade Social.

As persoas interesadas que cumpran os requisitos deben pedir cita previa na súa oficina do SEPE.



IMPORTANTE PARA QUEN XA SE BENEFICIE DO SUBSIDIO PARA MAIORES DE 55 ANOS

Non é necesario que acudan á súa oficina de prestacións as persoas que actualmente teñen aprobado un subsidio para persoas traballadoras maiores de 55 anos, xa que o indicado nos puntos 3 a 6 anteriores llelo aplicará de oficio o Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE).

QUE PASA SE:

ACTUALMENTE TES 52 ANOS E ESTÁS COBRANDO O SUBSIDIO EXTRAORDINARIO DE DESEMPREGO (SED) OU A RENDA ACTIVA DE INSERCIÓN (RAI)

Poderás acceder ao subsidio para maiores de 52 anos se acreditas as cotizacións esixidas, sempre que anteriormente percibises outro subsidio distinto do SED e que, desde entón, manteñas a inscrición como demandante de emprego de maneira ininterrompida, ou con interrupcións inferiores a 90 días naturais ou que se deban á realización de actividade. Para tramitar a túa solicitude deberás pedir cita previa.

DESDE HAI UN ANO ESTÁS PERCIBINDO O SUBSIDIO DE MAIORES DE 55 ANOS E DIXÉRONCHE QUE DEIXARÍAN DE PAGARCHO CANDO CUMPRISES A IDADE PARA XUBILARTE ANTICIPADAMENTE.

Vaise modificar de oficio a duración do subsidio para que teñas a posibilidade de seguilo cobrando ata que cumpras a idade ordinaria de xubilación.

ACTUALMENTE ESTÁS COBRANDO O SUBSIDIO PARA MAIORES DE 55 ANOS CON REDUCCIÓN NA SÚA CONTÍA PORQUE O TEU ÚLTIMO TRABALLO FOI A TEMPO PARCIAL.

Sen necesidade de que o solicites, aboaranse sen aplicar parcialidade ningunha, con independencia de que cesases nun contrato a xornada completa ou atempo parcial.

TES 54 ANOS, HAI CASE UN ANO REMATACHES DE COBRAR UN SUBSIDIO POR ESGOTAMENTO DA PRESTACIÓN CONTRIBUTIVA E DESDE ENTÓN NON TRABALLAS.

Se cumpres os requisitos de cotización esixidos para isto e as túas rendas mensuais non superan os 675 euros, poderás percibir o subsidio para maiores de 52 anos sempre que desde que accedeses ao subsidio anterior mantiveses a inscrición como demandante de emprego de forma ininterrompida ou con interrupcións inferiores a 90 días naturais ou que se deban á realización de actividade.